

VALORES DOS TEMPOS E MODOS VERBAIS

INDICATIVO. É o modo non marcado, que expresa a realidade.

Presente (ando, varro, parto) presenta os seguintes valores:

1. Tempo presente e aspecto imperfectivo: *falamos moito esta tarde.*
2. Presente intemporal ou permanente: *o carballo é unha árbore.* Realidades concibidas fóra do tempo, eternas ou de validez ilimitada.
3. Presente habitual: *temos clase polas mañás.* Accións que se repiten con regularidade.
4. Presente por futuro (prospectivo): *vémonos mañá.* Acción futura.
5. Presente histórico: *Rosalía publica Cantares Gallegos o 17 de maio de 1863.* Acción pasada: frecuente en narracións para dar viveza e proximidade psicolóxica.
6. Presente imperativo: *Ti fas todo o que che manden.*

Copretérito ou imperfecto (andaba, varría, partía):

1. Tempo pasado, aspecto imperfectivo: *moi ben o pasabamos no verán.* Tamén, valor relativo relacionado con outro tempo: *cando cheguei á casa, saía Lula.*
2. De cortesía: *eu quería saber se venden ordenadores.* Para preguntar ou pedir algo.
3. Narrativo: *Unha vez había un home ao que lle medraba a orella dereita.* Con certa vaguidade temporal.

Pretérito ou pretérito perfecto (andei, varrín, partín)

1. Valor puntual acontecido no pasado: *a fin de semana pasada estivemos en Dublín.*
2. Valor de anterioridade no pasado (= ao antepretérito): *no momento non souben se rompín a perna.*
3. Anterior a un momento futuro: *cando voltes, seguro que xa fixen o xantar.*

Antepretérito ou pluscuamperfecto (andara, varrera, partira):

1. Acción anterior a outra pasada: *cando cheguei á estación xa marchara o tren.*
2. Valor de cortesía nunha petición: *quixera que me deixase unha cousa.*
3. Valor desiderativo: *quen me dera aprobar!*
4. Valor imperativo desde o pasado: *Se non fixeche as tarefas, fixéralas.*

Este tempo pode aparecer en contextos idénticos aos do **pretérito de subxuntivo** (non sabía que estiveras, non sabía que estiveses). Pero a forma en -se non pode aparecer cos valores do antepretérito de indicativo: *cando cheguei, xa *marchase o tren.*

Pospretérito ou condicional, futuro hipotético (andaría, varrería, partiría)

1. Acción posterior con respecto ao pasado: *dixo que despois che faría o encargo.*
2. Probabilidade (sen significado temporal): *serían moi intelixentes, pero fracasaron.*

Futuro (andarei, varrerei, partirei)

1. Acción que se realizará despois do presente: *pasadomañá xogaremos un partido.*
2. De obrigatoriedade: *mañá estudarás máis.*
3. De probabilidade: *terá cincuenta anos.*

SUBXUNTIVO. É o modo da irrealidade, expresa desexo ou probabilidade.

Presente (ande, varra, parta)

Tempo presente: *dille que vaia hoxe.*

Tempo futuro: *quero que fagas todo isto.*

Imperativo: *non berres que non son xordo.*

Pretérito (andase, varrese, partise)

Pode indicar pasado, presente ou futuro, dependendo da situación na que se estea a falar: aconselloume que vise aquela película, non creo que chegase aínda.

IMPORTANTE: NON SE PODE SUBSTITUÍR SEMPRES POLO ANTEPRETÉRITO DE INDICATIVO!!!

Futuro (andar, andares...)

Acción non real con probabilidade de realizarse: *cando viñeres pola casa, veralo.*

IMPERATIVO: Expresa ordes, suxerencias, consellos...

Só ten como formas propias as p2 e p5: *anda, andade; varre, varrede; parte, partide.* Nas outras persoas emprégase o presente de subxuntivo:

- *responde ao que che preguntan*
- *que respondan ao que lles preguntan.*